



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2012/13 |
|-------------------------|--|---------------------------|--|---------------|-----------|
| Asignatura (*) | Intervención nas alteracións da linguaxe. fala. audición e voz: da teoría á práctica clínica | | | Código | 652498029 |
| Titulación | Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012) | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 4.5 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Filosofía e Métodos de Investigación en EducaciónPsicoloxía Evolutiva e da Educación | | | | |
| Coordinación | García Real, Teresa JuanaMayor Cinca, M ^a Ángeles | Correo electrónico | teresa.greal@udc.esmayor@usal.es | | |
| Profesorado | Barrios Sánchez, Pablo García Real, Teresa Juana Gorospe Arocena, José Manuel Martín Martín, Eliseo Mayor Cinca, M ^a Ángeles Sánchez-Mollón , Carmen | Correo electrónico | pbarrios1@hotmail.com teresa.greal@udc.es jmgoroaro@gmail.com emartinma@upsa.es mayor@usal.es csmollon@camelotsalamanca.com | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | | | | | |

Competencias da titulación

| Código | Competencias da titulación |
|--------|--|
| A4 | Os estudantes coñecerán as características diferenciales da intervención na linguaxe e na comunicación nos ámbitos familiar, escolar, clínico e asistencial. |
| A5 | Os alumnos/as saberán realizar unha intervención nos trastornos específicos da linguaxe oral, tales como as disartrias, alteracións da linguaxe no envellecemento e trastornos dexenerativos, as alteracións da linguaxe en enfermidades mentais, trastornos do espectro autista, etc. |
| B2 | Serán capaces de comportarse con ética e responsabilidade social como cidadáns e como profesionais. |
| B4 | Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade. |
| C2 | Os alumnos/as entenderán a importancia da cultura emprendedora e coñecerán os medios ó alcance das persoas emprendedoras. |
| C3 | Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

Resultados da aprendizaxe

| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación |
|---|----------------------------|
|---|----------------------------|



| | | | |
|--|-----|-----|-----|
| <p>XERAIS DA MATERIA</p> <p>Poden informar sobre os principios xerais da intervención nas dificultades da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Poden describir as funcións da Intervención na área da linguaxe e a comunicación: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.</p> <p>Son capaces de aplicar os modelos e as técnicas de intervención.</p> <p>Poden describir as características diferenciais da intervención na linguaxe e a comunicación nos ámbitos familiar, escolar, clínico e asistencial.</p> <p>Son capaces de realizar unha intervención en trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo y as inhibicións da linguaxe.</p> <p>Son capaces de facer unha planificación estratéxica da intervención na área da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Posúen os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.</p> | AP4 | BP2 | CP2 |
| | AP5 | BP4 | CP3 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| Prof. Teresa García Real | |
| Tema 1. Fundamentos básicos da Terapia vocal. | Principios Indicacións e limitacións Enfoques terapeúticos e perfil do terapeuta |
| Tema 2: Intervención vocal nas Disfonías funcionais: Postura e xesticulación corporal, respiración. | Postura e xesticulación corporal Respiración, fonación, impostación e articulación Adestramento práctico dos recursos terapeúticos |
| Tema 3: Intervención vocal específica nas Disfonías orgánicas. | Parálise vocal, larinxectomías. Adestramento práctico. |
| Tema 4. Intervención na voz profesional: | a. Principios de oratoria. b. Técnicas vocais para o canto e adestramento práctico da voz cantada. c. Técnicas para falar en público e mellorar a exposición oral. Adestramento práctico de recursos corporais e vogais para a voz falada. |
| Tema 5: Programación de casos clínicos. | Ordenación de datos, obxectivos, metodoloxía, aplicación de recursos terapeúticos e confección de informes. |
| Tema 6. Bases metodolóxicas para a investigación na terapia de voz: | Obxectivos, deseños e probas estatísticas máis utilizadas. |
| Prof. M ^a . Ángeles Mayor Cinca | |
| Tema 7. Intervención en trastornos específicos da linguaxe na infancia | |
| Grupo da Unidade de Foniatría, Logopedia e Audiología do Hospital Universitario de Salamanca: | |
| Prof. Pablo Barrios Sánchez | |
| Tema 8. Rehabilitación en trastornos da fala | Introducción. Disglosia. Definición e clasificación. Abordaxe xeral. Disartria. Definición e clasificación. Rehabilitación. Disfemia. Rehabilitación en nenos. Rehabilitación en adultos. Técnicas específicas de control da fala |
| Prof. José Manuel Gorospe Arocena | |
| Tema 9. Aspectos básicos da deficiencia auditiva | Definición e consecuencias da deficiencia auditiva no neno e no adulto. Prótesis auditivas e Implante coclear. |



| | |
|---|---|
| Tema 10. Rehabilitación audiolóxica en adultos con deficiencia auditiva. | Elementos da rehabilitación audiolóxica. Entrenamento auditivo e da comunicación. A discapacidade como obxectivo nos programas de rehabilitación audiolóxica. |
| Prof. Eliseo Martín Martín | |
| Tema 11. Orientación e estratexias de intervención en nenos con deficiencia auditiva. | O neno deficiente auditivo portador de Implante Coclear. Consideracións xerais. Criterios de selección e factores diferenciadores e de prognóstico. Rehabilitación e intervención pedagóxica. Programa de adestramento auditivo. |
| Prof. Carmen Sánchez Mollón | |
| Tema 12.- La afasia | - Definición - Semioloxía - Manifestacións que acompañan á afasia - Formas clínicas de afasia |
| Tema 13.- Rehabilitación da afasia | - Pautas xerais sobre a rehabilitación nas afasias - Rehabilitación da sintomatoloxía nas afasias |

| Planificación | | | |
|------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | 9 | 18 | 27 |
| Lecturas | 6 | 6 | 12 |
| Portafolios do alumno | 0 | 15 | 15 |
| Traballos tutelados | 1 | 15 | 16 |
| Obradoiro | 6.5 | 0 | 6.5 |
| Estudo de casos | 14 | 14 | 28 |
| Discusión dirixida | 3 | 3 | 6 |
| Atención personalizada | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo: Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario. Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo. No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia |
| Lecturas | Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas. Para a Prof. Carmen Sánchez Mollón será de lectura obrigatoria: Capítulo IX "Consideracións Xerais sobre a rehabilitación das afasias e trastornos asociados", En - Pena Casanova. J. e Pérez Pamies, Masón.: Rehabilitación das afasias e trastornos asociados. Masson, 1984 |



| | |
|-----------------------|---|
| Portafolios do alumno | En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondientes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realicense durante o curso. |
| Traballos tutelados | Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un titor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao titor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu titor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre |
| Obradoiro | Os 2 créditos impartidos pola profesora Teresa García Real serán completamente prácticos e desenvolveranse en forma de taller. A parte práctica da prof.a Carmen Sánchez Mollón consistirá en: 1.- Presentación de casos clínicos (Historia clínica) 2.- Elaboración do programa inicial de rehabilitación (por grupos de alumnos) 3.- Exposición e debate, |
| Estudo de casos | A parte práctica impartida polo prof. Eliseo Martín consistirá en: Presentación de caso moi representativo de neno con implante coclear. Cuestionario para o traballo en grupo sobre a presentación realizada. Exposición e comentario sobre as respostas achegadas no cuestionario. |
| Discusión dirixida | A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, abríndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|------------|
| Traballos tutelados | |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|------------|---------------|
| Estudo de casos | | 10 |
| Discusión dirixida | | 10 |
| Obradoiro | | 10 |
| Sesión maxistral | | 10 |
| Lecturas | | 10 |
| Portafolios do alumno | | 40 |
| Traballos tutelados | | 10 |

Observacións avaliación



A avaliación realizarase de forma individualizada en cada unha das materias do máster. A avaliación será continua e incluíra unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías